



I.E.S. RIBEIRA DO LOURO
Ribeira s/n – Torneiros 36410 O Porriño
TEL: 986 33 39 56 FAX: 986 33 37 84
@: ies.ribeira.louro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesribeiralouro

**INFORMACIÓN DO PROGRAMA
ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020
CURSO 2020/21**

QUÉ É O PROGRAMA ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020?

O instituto Ribeira do Louro forma parte do proxecto “ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020”, coordinado pola Deputación de Pontevedra. Este programa ten como obxectivo **ofrecerlle ao alumnado matriculado en Ciclos Medios de Formación Profesional a posibilidade de realizar prácticas laborais en países europeos, unha vez teñan obtido a súa titulación.**

CAL É A DURACIÓN DAS MOBILIDADES NO ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020?

En principio, a duración estimada das prácticas será de **154 días**, incluíndo a viaxe, isto é uns 5 meses en total.

RECIBEN OS ESTUDANTES ALGÚN TIPO DE AXUDA ECONÓMICA PARA REALIZAR A MOBILIDADE?

Sí, cada participante recibe **unha axuda de apoio individual** destinada a cubrir os gastos de aloxamento e mantemento, seguro e transportes locais, e **unha axuda para os gastos de viaxe**, para o desprazamento de ida e volta entre a cidade de orixe e a de destino. Hai que ter en conta que **esta axuda pode non cubrir tódolos gastos** nos que incurran as persoas participantes. En calquera caso a Deputación comprométese a que o estudante **reciba o 80 % do importe total das axudas de mobilidade** non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada ao país de destino.

EN QUÉ PAÍSES EUROPEOS PODEN OS ESTUDANTES REALIZAR A MOBILIDADE?

En principio os estudantes poderían desenvolver as súas prácticas **en calquera país europeo**. Non obstante os destinos máis habituais e que ofrecen maiores garantías froito da experiencia acumulada son os seguintes: Portugal, Italia, Finlandia, Irlanda, Malta ou Grecia.

TEÑEN OS ESTUDANTES QUE TER UN NIVEL DE IDIOMAS MÍNIMO PARA PARTICIPAR NAS MOBILIDADES?

En función do país de destino escollido o nivel de exigencia do idioma pode variar. De aí que sexa importante que **o alumno/a teña unha competencia mínima na lingua propia do país de destino que escolla** ou, de non ser o caso, posúa un nivel mínimo en inglés que lle facilite as interaccións sociais e laborais.

CANTAS PRAZAS DE MOBILIDADES EUROPEAS SE OFRECEN NESTA CONVOCATORIA?

Particularmente nesta convocatoria, **ao noso instituto fóronlle asignadas DÚAS PRAZAS** para mobilidades europea, con posibilidade de incrementarse dependendo da demanda doutros centros.

CANDO DEBERÍAN OS ESTUDANTES SELECCIONADOS INCORPORARSE AOS SEUS PAÍSES DESTINO?

Se ben os estudantes seleccionados disporían dos 12 meses seguintes á ter obtido a súa titulación para realizar a mobilidade, nesta convocatoria **prevese que a incorporación dos alumnos e alumnas se inicie durante o primeiro trimestre do ano.**

QUEN PODE PARTICIPAR NESTAS MOBILIDADES EUROPEAS?

En primeiro lugar **os candidatos interesados deberán cumprir os seguintes requisitos básicos** para poder participar nas mobilidades:

1. Ser maior de 18 anos.
2. Ter a súa residencia en España.
3. Ter sido seleccionado para participar nunha mobilidade durante durante o último curso académico da súa formación.
4. Ter obtido unha titulación de Ciclo Medio de Formación Profesional nun centro educativo que sexa socio do PROXECTO PRACTICUM DEPO 2020 (o instituto Ribeira do Louro forma parte deste Consorcio).
5. Estar en disposición de iniciar e finalizar a mobilidade durante os 12 meses posteriores á data da súa titulación (data da firma das actas de avaliación).

Asimesmo, **aqueles candidatos que cumpran cos requisitos anteriores serán valorados en base ao seguinte baremo de méritos:**

<p>ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DA PERSOA CANDIDATA</p>	<p>3 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS Informe do titor/a sobre a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, a responsabilidade, a flexibilidade e as habilidades comunicativas</p> <p>ATA 1 PUNTO Registros do centro educativo relativos á asistencia e faltas de conduta:</p> <table border="1" data-bbox="801 1173 1337 1473"> <tbody> <tr> <td>Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas</td> <td>0 puntos</td> </tr> <tr> <td>Ausencia de faltas de conduta</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Existencia dalgunha falta de conduta</td> <td>0 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos	Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas	0 puntos	Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos	Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos							
Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos																
Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas	0 puntos																
Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos																
Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos																
<p>EXPEDIENTE ACADÉMICO</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS Registros do centro educativo relativos á media aritmética das cualificacións obtidas dos cursos finalizados (non se terán en conta as cualificacións validadas):</p> <table border="1" data-bbox="750 1668 1385 1933"> <thead> <tr> <th>Puntuación numérica</th> <th>Puntuación non numérica</th> <th>Baremo</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Do 6 ao 6,99</td> <td>Aprobado</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Do 7 ao 8,99</td> <td>Notable</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Do 9 ao 10</td> <td>Sobresáinte</td> <td>1,5 puntos</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Matrícula de honra</td> <td>2 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo	Do 6 ao 6,99	Aprobado	0,5 puntos	Do 7 ao 8,99	Notable	1 punto	Do 9 ao 10	Sobresáinte	1,5 puntos		Matrícula de honra	2 puntos
Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo															
Do 6 ao 6,99	Aprobado	0,5 puntos															
Do 7 ao 8,99	Notable	1 punto															
Do 9 ao 10	Sobresáinte	1,5 puntos															
	Matrícula de honra	2 puntos															

<p>COÑECEMENTO DE IDIOMAS</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS Polas titulacións de inglés aportadas polo estudante (Certificado da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado):</p> <table border="1" data-bbox="906 450 1214 640"> <tr><td>A1</td><td>0 puntos</td></tr> <tr><td>A2</td><td>0,5 puntos</td></tr> <tr><td>B1</td><td>1 punto</td></tr> <tr><td>B2</td><td>1,5 puntos</td></tr> <tr><td>C1 ou C2</td><td>2 puntos</td></tr> </table> <p>ATA 1 PUNTO Pola realización dunha proba de nivel oral de inglés por parte do estudante cun integrante do equipo de linguas do centro.</p> <p>ATA 2 PUNTOS Polas titulacións doutro idioma distinto do inglés aportadas polo estudante (Certificado da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado):</p> <table border="1" data-bbox="842 965 1241 1043"> <tr><td>A2</td><td>1 punto</td></tr> <tr><td>B1, B2, C1, C2</td><td>2 puntos</td></tr> </table>	A1	0 puntos	A2	0,5 puntos	B1	1 punto	B2	1,5 puntos	C1 ou C2	2 puntos	A2	1 punto	B1, B2, C1, C2	2 puntos
A1	0 puntos															
A2	0,5 puntos															
B1	1 punto															
B2	1,5 puntos															
C1 ou C2	2 puntos															
A2	1 punto															
B1, B2, C1, C2	2 puntos															
<p>MÉRITOS</p>	<p>1 PUNTO</p>	<p>ATA 1 PUNTO Por cada título de formación profesional de grao medio (diferente ao que lle dea acceso á mobilidade) aportado polo estudante obterá 0,5 puntos.</p>														
<p>ENTREVISTA PERSOAL</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS Pola realización por parte do estudante dunha entrevista persoal na que se valorarán as súas habilidades comunicativas e sociais, o interese, a madurez, a iniciativa, a pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado, entre outros.</p>														
<p>PUNTUACIÓN MÁXIMA</p>	<p>10 PUNTOS</p>															

Aqueles **candidatos que obteñan unha maior puntuación serán seleccionados para participar nas mobilidades.**

TEÑEN OS ESTUDANTES SELECCIONADOS ALGÚN TIPO DE OBRIGA CO PROGRAMA ERASMUS + PRACTICUM DEPO?

Sí, os **estudantes seleccionados deberán cumprir con tódalas obrigas contidas no "Modelo de convenio de subvención Erasmus Formación Profesional para estudos y/o prácticas"**. Asimesmo, **si o participante incumpre o establecido no convenio deberá devolver a cantidade das axudas aboadas.** Para máis información a este respecto pódese consultar a web da Deputación de Pontevedra <https://www.depo.gal/es/erasmus-2020>.

QUÉ DEBEN FACER OS ESTUDANTES PARA TRAMITAR A SÚA SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NUNHA MOBILIDADE?

Os estudantes que cumpran os requisitos básicos e que estean interesados en participar nunha mobilidade deberán cumprimentar o seguinte **FORMULARIO DE SOLICITUDE** e envialo ao seguinte enderezo ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal entre o **27 de Novembro e o 1 de Decembro** (ambos inclusive).

É importante que no **ASUNTO DO CORREO** se indique o seguinte texto **“SOLICITUDE PARTICIPACION ERASMUS DEPO NOME APELIDOS”** (Ex. SOLICITUDE PARTICIPACION ERASMUS DEPO UXIA SILVA).

Tódalas solicitudes recibidas serán tramitadas dacordo ao seguinte **CALENDARIO ACTUALIZADO:**

NOVEMBRO- DECEMBRO						
L	M	X	J	V	S	D
				27	28	29
30	1	2	3	4	5	6
		9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

27 Nov- 01 Dec: Envío de solicitudes ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

02 Dec : Publicación do listado provisional de solicitudes no taboleiro físico do instituto.

03 Dec- 06 Dec: Envío de reclamacións ao listado provisional de solicitudes ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

09 Dec: Publicación do listado definitivo de solicitudes no taboleiro físico do instituto.

10 Dec - 13 Dec: Envío da documentación ligada aos méritos e realización das probas de selección.

14 Dec: Publicación do baremo provisional dos candidatos no taboleiro físico do instituto.

15Dec - 17Dec: Envío de reclamacións ao baremo provisional de candidatos ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

18 Dec: Publicación do baremo definitivo dos candidatos e da adjudicación das prazas no taboleiro físico do instituto.